



Celebración do Día do Biólogo 2018

O vindeiro **Día do Biólogo** (en data e lugar que se anunciarán oportunamente) a máis de recoñecer e agradecer o esforzo dos compañeiros que levan 25 anos inscritos no Colexio, a ocasión servirá para nomear estas distincións.

Biólogo/a do Ano, Empresas do Ano e Membro de Honra

A tal efecto, ábrese un prazo ata o día **18 de abril** para que os colexiados/as interesados/as fagan as súas propostas (Unha candidatura por categoría):

- **Biólogo/a do Ano.** Serán colexiados, galegos, que se teñan distinguido ao longo da súa vida profesional pola súa traxectoria, por algún descubrimento, investigación ou protagonizado algún feito de especial relevancia nos ámbitos da nosa profesión. O seu nomeamento será outorgado pola Xunta Xeral do COBGA.

- **Empresas do Ano.** Empresas ou Institucións que estarán establecidas en Galicia e teranse distinguido pola súa inversión en I+D en ámbitos tecnolóxicos relacionados coa Bioloxía, ou polo seu compromiso coa sostibilidade nos seus procesos produtivos ou polo seu compromiso coa responsabilidade social ou pola súa confianza no traballo dos biólogos, reflectido no número deles que emprega.

Duas Categorías:

- Grandes Empresas / Grandes Institucións
- PEME / Institucións de tipo medio ou pequeno

- **Membro de Honra do COBGA** Serán ás persoas que, polos seus méritos científicos, técnicos ou profesionais, calquera que sexa a súa titulación académica, teñan contribuído notoriamente ao desenvolvemento da bioloxía ou da profesión de biólogo.

As propostas incluirán os datos do proponente (Nome e nº de colexiado/a) e os dos propostos para cada categoría (unha ou varias), expresando as razóns para facelo, e enviaranse mediante correo electrónico a info@biologosdegalicia.org citando en Asunto: Proposta Biólogo/Empresas do Ano/Membro de Honra. Non se considerarán as candidaturas que non veñan motivadas.

O día **20 de Abril**, a Xunta de Goberno fará públicas as propostas recibidas que cumpran cos requisitos expresados para as 4 categorías referenciadas, e procederase a apertura do proceso de votación on-line a través da páxina web do COBGA, votación na que será condición indispensable a identificación do votante mediante o seu número de colexiado/a. O período de votacións pecharase o día **26 de Abril** as 12:00 Horas.

A Xunta de Goberno agradece e anima a vosa participación.